

## R.R. do 30 de xaneiro de 2024, pola que se publica a programación de obradoiros para o segundo cuadrimestre do curso 2023/24, no Campus de Ourense

Por Resolución reitoral do 23 de xaneiro de 2024 publicouse a listaxe definitiva de axudas concedidas na convocatoria de axudas para organizar os obradoiros de extensión universitaria da Universidade de Vigo no segundo cuadrimestre do curso 2023/24.

Segundo o previsto na base sétima da R. R. do 28 de novembro de 2023, pola que se publica a Convocatoria de axudas para organizar os obradoiros de extensión universitaria da Universidade de Vigo no segundo cuadrimestre do curso 2023/24, a Vicerreitoría do Campus de Ourense tomou a iniciativa de organizar obradoiros para cumprir os obxectivos previstos, e esta Reitoría

### RESOLVE:

Primeiro.- Publicar a programación de obradoiros de extensión universitaria da Universidade de Vigo para o segundo cuadrimestre do curso 2023/24, no Campus de Ourense (Anexo I).

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación (ou dende o día seguinte ao recibimento da súa notificación), de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución (ou dende o día seguinte ó recibo desta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O reitor

P.D. (R.R. do 31/10/2023 (D.O.G. do 10 de novembro)

O vicerreitor do Campus de Ourense

(asinado electrónicamente)

Francisco Javier Rodríguez Rajo



## Anexo 1- Programación de obradoiros para o segundo cuadrimestre no Campus de Ourense

Código	Nome do obradoiro	Lugar	Prazas	Horas	Créditos ECTS	Data inicio	Horario
2023850	Aula de teatro, nivel 1: Rosaura	Aula de teatro no Pavillón 1	15	45	1	22/2	Xoves de 19 a 22 h.; dende marzo: martes e xoves
2023851	Aula de teatro, nivel 2: Cordelia	Aula de teatro no Pavillón 1	15	60	1	20/2	Martes e xoves, de 19 a 22 h.
2023852	Aula de teatro, nivel 3: Maricastaña	Aula de teatro no Pavillón 1	10	105	3	19/2	Luns e mércores de 19 a 22 h.
2023853	Obradoiro de música tradicional galega: gaita e percusión	Espazo das asociacións	10	30	1	22/2	Xoves de 18.30 a 21.30 h.
2023854	Aula de danza contemporánea	Ludoteca Edificio Facultades	12	30	1	20/2	Martes e mércores de 19.30 a 21 h.
2023855	Non violencia: do pensamento á acción	Sala Emilia Pardo Bazán Ed. Facultades	10	20	1	26/2	Luns de 10 a 14.30 h.
2023856	Uso sexualizado da droga (chemsex): intervención no ámbito educativo e sociosanitario	Salón de Graos Ed. Facultades	12	30	1	21/2	Mércores de 18 a 21 h.
2023857	Auga, antioxidantes e saúde	Laboratorios EQ2 Ed. Politécnico	10	30	1	23/2	Venres de 9 a 14 h.
2023858	Metodoloxía socioafectiva para a intervención social	Aula de Música Edificio Facultades	20	30	1	22/2	Xoves de 16 a 20 h.
2023859	Mindfulness no día a día	Seminario de inglés do Pavillón 1	10	30	1	20/2	Martes de 18 a 20.30 h. e o sábado 13/4 de 10 a 17 horas
2023860	Introdución á observación astronómica	Aula B.1 do ed. Politécnico	15	30	1	2/4	Martes de 20 a 1 h (a.m.)
2023861	Intervención asistida con cans e cadelas	Aula 0.10 do ed. de Facultades	10	30	1	23/2	Venres de 9 a 14 h. (as tres primeiras clases) e de 9 a 15 h. (as seguintes)
2023862	Educación a través da danza e a expresión corporal	Aula de música Edificio Facultades	12	30	1	20/2	Martes de 15 a 17 h.



## **Período de matrícula: dende o 5 ao 16 de febreiro de 2024**

### Taxas de matrícula:

- 40 euros: para o público en xeral.

As persoas pertencentes aos grupos determinados no acordo do Consello de Goberno da Universidade de Vigo de 24 de febreiro de 2023 sobre consideración de persoa vencellada á Universidade de Vigo en relación coas actividades de extensión universitaria, terán as seguintes reducións segundo ao grupo a que pertencen:

- 26 euros: membros da comunidade universitaria da Uvigo (grupo A) e colectivos do grupo B (redución do 35% sobre o prezo da matrícula)
- 32 euros: Colectivo do Grupo C (redución do 20 % sobre o prezo da matrícula)

Ao remate do obradoiro entregarase diploma acreditativo (asistencia obrigatoria ao 85% das horas) con recoñecemento de 1 crédito ECTS para as ensinanzas de grao por cada 30 horas.

